

IV Plan Gobierno Aberto

ESPAÑA

2020-2024

Versión ciudadá



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE HACIENDA
Y FUNCIÓN PÚBLICA

Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU. Con todo, os puntos de vista e as opinións expresados son unicamente os do autor ou dos autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou os da Comisión Europea. Nin a Unión Europea nin a Comisión Europea son responsables deles.

Edita: Ministerio de Facenda e Función Pública. Secretaría Xeral Técnica.
Centro de Publicacións.

NIPO (edición online): 277-21-070-6

1. Que é o goberno aberto	5
2. A Alianza para o Goberno Aberto	6
3. O goberno aberto en España	7
3.1. Os plans de goberno aberto	7
3.2. O Foro de Goberno Aberto	9
4. O IV Plan de Goberno Aberto de España 2020-2024	10
4.1. Obxectivos xerais do IV Plan	10
4.2. Como se elaborou o IV Plan	10
4.3. Características do IV Plan	10
4.4. Contido do IV Plan: compromisos e iniciativas	12
4.4.1. Eixe 1. Iniciativas para afondar na transparencia e na rendición de contas.....	13
4.4.2. Eixe 2. Iniciativas para promover a participación cidadá	14
4.4.3. Eixe 3. Iniciativas para asegurar a integridade pública	15
4.4.4. Eixe 4. Iniciativas de sensibilización e formación.....	16
4.4.5. Compromisos das comunidades e cidades autónomas e da FEMP.....	18



1. Que é o goberno aberto

O goberno aberto é unha forma de gobernanza pública que promove a máxima transparencia e a rendición de contas, a participación cidadá, a colaboración social e mais a integridade pública, sen deixar a ningún atrás no exercicio dos seus dereitos democráticos.

O obxectivo do goberno aberto é mellorar a calidade da nosa democracia e reforzar a confianza das persoas nas súas institucións públicas.

En España, a Constitución e as leis recoñécenlles a todas as persoas o seu dereito á información pública e á participación. Tamén lle imponen á Administración o deber de someter a súa actuación á lei e ao dereito, a obxectividade no servizo aos intereses xerais e mais a imparcialidade no desempeño da función pública. Por iso, os valores que promove o goberno aberto resultan plenamente coherentes co noso ordenamento constitucional.

2. A Alianza para o Goberno Aberto

A Alianza para o Goberno Aberto (OGP, polas súas siglas en inglés) é unha asociación internacional que se creou en 2011 para promover en todo o mundo que os gobernos e as administracións actúen con transparencia, rendan contas e promovan a participación cidadá nos asuntos públicos, a colaboración e a integridade pública.


Na actualidade, forman parte desta alianza setenta e sete países e un número crecente de gobernos rexionais e locais, que representan máis de dous mil millóns de persoas, xunto con milleiros de organizacións da sociedade civil.

España é membro da Alianza para o Goberno Aberto dende a súa fundación, e posteriormente incorporáronse tamén os gobernos das comunidades autónomas de Euskadi, Cataluña e Aragón, así como o Concello de Madrid.

Todos os gobernos, cando se incorporan á Alianza, asinan a Declaración de Goberno Aberto, pola que asumen o compromiso de defender os principios dun goberno aberto e transparente, participativo e responsable.

Para isto, deben desenvolver plans de goberno aberto, nos que se recollen os compromisos, as iniciativas e as actuacións concretas que se levarán a cabo para mellorar a transparencia, a participación cidadá, a integridade e a inclusividade da actuación das súas administracións e dos seus responsables públicos.

Estes plans de goberno aberto débense elaborar coa participación da cidadanía e coa colaboración das organizacións da sociedade civil. O cumprimento destes plans é avaliado de forma externa polo Mecanismo de Revisión Independente da Alianza, integrado por expertos internacionais en goberno aberto.



The screenshot shows the Spanish version of the Open Government Partnership website. The main heading is "Sobre Open Government Partnership". Below it, a welcome message reads: "Bienvenido a la Open Government Partnership, una organización de reformadores dentro y fuera del gobierno que trabaja para transformar la forma en que el gobierno sirve a sus ciudadanos." The page features a navigation menu with items like "SOBRE NOSOTROS", "PROCESO", "ÁREAS DE POLÍTICA", "MIEMBROS", "APRENDIZAJE", and "CAMPAÑAS". A large image of diverse people is in the background. At the bottom, there is a section with the OGP logo and text: "En 2011, los líderes gubernamentales y los defensores de la sociedad civil se unieron para crear una asociación única, una que combine estas poderosas fuerzas para promover una gobernanza transparente, participativa, inclusiva y responsable." It also states: "Setenta y ocho países y setenta y seis gobiernos locales, que representan a más de dos mil millones de personas, junto con miles de organizaciones de la sociedad civil son miembros de la Open Government Partnership (OGP)". A list of links includes "Misión y estrategia", "Enfoque", and "Proceso OGP".

3. O Goberno Aberto en España

3.1. Os plans de goberno aberto

Dende 2011 desenvolvemos tres plans de goberno aberto e na actualidade estamos executando o IV Plan de Goberno Aberto de España 2020- 2024.

Os plans de goberno aberto proporcionáronnos importantes avances para achegar a Administración á cidadanía e mellorar a calidade democrática.

Así, entre os logros que lle debemos ao **I Plan de Goberno Aberto** (2012-2014) atópanse os seguintes:

- Aprobamos a Lei de transparencia, acceso á información e bo goberno en 2013. Esta lei obriga os poderes públicos a difundiren determinada información como contratos, subvencións, plans, orzamentos etc. Tamén reconece o dereito de acceso á información pública. Isto permite que as persoas poidamos preguntar á Administración cando non atopemos a información que buscamos nos portais de transparencia.
- Difundimos as contas sobre os resultados da Cooperación Española para o Desenvolvemento.
- Establecemos un sistema de colaboración e participación na seguridade cidadá a través das redes sociais.
- Melloramos e ampliamos as estatísticas sobre criminalidade.
- Simplificamos o acceso dos pacientes á información sanitaria.

O **II Plan de Goberno Aberto** (2014-2016) tamén achegou melloras para a cidadanía:

- Puxemos en marcha o Portal da Transparencia da Administración Xeral do Estado. Posteriormente, as administracións públicas foron creando os seus respectivos portais de transparencia.
- Facilitamos o acceso, o intercambio e a protección de datos do Portal de Arquivos Españois (PARES), a principal plataforma de difusión do noso patrimonio histórico documental.

- Facilitamos o acceso libre a materiais educativos a través da plataforma Procomún, así como o fomento de cursos en liña gratuítos.
- Desenvolvemos o banco nacional de datos sanitarios en liña.
- Ampliamos o sistema de Reutilización da Información do Sector Público (RISP), que, ademais de permitir desenvolver novos produtos, servizos e mercados, incrementa a transparencia administrativa.
- Melloramos e adaptamos o Portal da Administración de Xustiza.
- Consolidamos o Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.
- Creamos o Consello Español de Drogodependencias xunto cos e coas representantes sociais.

O **III Plan de Goberno Aberto** (2017-2019) tamén introduciu melloras relevantes nestas catro áreas:

Na **transparencia e na rendición de contas**:

- Eliminamos o requisito do certificado dixital ou da sinatura electrónica para a solicitude de dereito de acceso a información pública.
- Ampliamos máis dun 42 % o catálogo de datos abertos publicados.
- Melloramos as estatísticas xudiciais.
- O Ministerio de Facenda e Función Pública puxo á disposición novos servizos de información sobre orzamentos, execución e liquidación para todas as administracións públicas.
- Conseguimos que aumentase a calidade dos datos inmobiliarios mediante a coordinación do catastro e do Rexistro da Propiedade.
- Introducimos melloras no acceso á información e na difusión de información sobre a violencia contra a muller. Así, ademais de contribuír a concienciar a sociedade, tamén facilitamos o labor dos axentes pú-

blicos e privados tanto para a prevención e a erradicación deste problema social como na asistencia ás vítimas.

No ámbito da **mellora da participación**:

- Puxemos en marcha o Observatorio da Participación para avaliar o grao de participación cidadá en varios ámbitos (elaboración de leis e doutras normas; desenvolvemento de plans e programas públicos; consellos consultivos, medios electrónicos e redes sociais) e elaboramos recomendacións para mellorar a participación.
- A Administración Xeral do Estado creou un espazo web participativo de goberno aberto no Portal da Transparencia. Aquí, a cidadanía e a sociedade civil poden formular os seus comentarios e as súas propostas, ademais de coñecer en tempo real o grao de cumprimento dos compromisos dos plans de goberno aberto.
- Creamos o Foro de Goberno Aberto, do que detallamos as súas vantaxes máis adiante.

No ámbito da **colaboración**, destacamos os seguintes avances:

- Creamos a Comisión Sectorial de Goberno Aberto: un espazo de diálogo permanente entre as nosas distintas administracións para poñer en común as iniciativas desenvolvidas sobre goberno aberto e a súa evolución.
- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) promoveu a Rede de Entidades Locais para a Transparencia e a Participación. A súa intención é fomentar a innovación, o intercambio de experiencias e a mellora permanente da relación entre os gobernos locais e a cidadanía, de acordo cos principios do goberno aberto.

Por último, os logros do III Plan sobre **formación e sensibilización social** tamén foron relevantes. Entre eles, os seguintes:

- Elaboramos e distribuímos as *Guías didácticas sobre goberno aberto*, con actividades adaptadas aos seus distintos niveis educativos para fomentar no alumnado o des-

envolvemento de competencias sociais e cívicas.

- En 2018, todas as administracións públicas celebramos a Semana da Administración Aberta para achegala á cidadanía e así promover o exercicio dos dereitos de acceso á información e de participación. España foi o país que organizou máis eventos a escala mundial en 2018. O mesmo aconteceu en 2021 e en 2022, anos nos que volvemos celebrar a Semana da Administración Aberta.
- Desenvolvemos moitos cursos para o persoal ao servizo das administracións públicas para promover a cultura do goberno aberto.

En resumo, a Administración española cumpre cos seus compromisos: o 87 % das actividades do III Plan leváronse a cabo, porcentaxe superior en máis de vinte puntos á dos países da Alianza. Así consta no Informe de implementación do III Plan de Goberno Aberto 2017-2019, que elaborou o Mecanismo de Revisión Independente da Alianza do Goberno Aberto. Este informe sinala que o 40 % dos compromisos do III Plan xeraron grandes avances na apertura de nosa Administración, mentres que no conxunto dos países da Alianza só o 19 % dos compromisos supuxeron avances significativos.



3.2. O Foro de Goberno Aberto

Un dos grandes avances que lle debemos ao III Plan de Goberno Aberto é a creación, en 2018, do **Foro de Goberno Aberto**. Este foro é o espazo de diálogo e colaboración para promover a transparencia, a participación e a colaboración e mais para intervir na elaboración e na avaliación dos plans de goberno aberto. Este foro fórmano 64 representantes: 32 das administracións públicas (AXE, CC. AA. e entidades locais) e 32 das organizacións da sociedade civil.

O foro está presidido pola persoa titular da Secretaría de Estado de Función Pública e reúnese polo menos una vez ao ano. Nas súas reunións tamén poden participar persoas que acheguen a súa experiencia e o seu asesoramento.

Para impulsar os traballos, existe unha comisión permanente e cinco grupos de traballo, todos eles compostos polo mesmo número de representantes das administracións públicas e da sociedade civil.

Nos grupos de traballo, os responsables dos compromisos renden contas dos resultados que van obtendo.

Na actualidade hai cinco grupos de traballo:

1. Grupo de Transparencia e Rendición de Contas
2. Grupo de Participación Cidadá
3. Grupo de Integridade Pública
4. Grupo de Formación e Sensibilización
5. Grupo de Comunicación e Colaboración




4. O IV Plan de Gobierno Aberto de España 2020-2024

O Pleno do Foro de Gobierno Aberto aprobou o IV Plan de Gobierno Aberto de España 2020-2024 o 29 de outubro de 2020. O plan recolle 10 compromisos, 112 iniciativas e 543 actividades. Nas seguintes páxinas explicaremos os seus obxectivos, como se elaborou e en que consisten os seus compromisos e iniciativas.

4.1. Obxectivos xerais do IV Plan

Os obxectivos xerais establecidos no IV Plan son:

1. Afondar na transparencia, nos datos abertos e na rendición de contas das administracións públicas.
2. Impulsar, fortalecer e mellorar a calidade da participación cidadá na xestión pública.
3. Fortalecer os valores éticos e a integridade das institucións públicas.
4. Sensibilizar a sociedade e quen traballa para a Administración sobre os valores do goberno aberto.

Ademais destes catro obxectivos, o IV Plan tamén quere:

- Contribuír ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible establecidos pola ONU na Axenda 2030; especialmente, ao logro do obxectivo 16, que busca promover sociedades xustas, pacíficas e nas que todas as persoas poidan participar sen ningún impedimento.
- Promocionar a inclusión social, a igualdade e a accesibilidade universal das persoas que se atopan en situación de pobreza ou de vulnerabilidade ou ben en risco de exclusión social.

4.2. Como se elaborou o IV Plan

O IV Plan de Gobierno Aberto fíxose entre todas e para todas as persoas. É froito da participación directa da cidadanía, da contribución das organizacións da sociedade civil e mais da colaboración de todas as administracións. Para elaborar e aprobar o plan déronse os seguintes pasos:

- O Foro aprobou o *Documento marco para a elaboración do IV Plan* o 14 de febreiro de 2019. Nel establecéronse os obxectivos xerais do plan; as características que debería ter o proceso de participación cidadá para saber como deseñalo, e que criterios se empregarían para valorar as iniciativas e as propostas da cidadanía.
- Elaborouse unha campaña de comunicación para animar a xente a participar a través do Portal da Transparencia e de Twitter (@transparencia_e e @060gobes).
- A Dirección Xeral de Gobernanza Pública realizou unha consulta previa á cidadanía e recibiu 130 propostas cidadás e de organizacións da sociedade civil.
- En xuño e setembro de 2020 organizáronse os «talleres deliberativos de cocreación». Neles, as administracións e a sociedade civil decidiron de maneira conxunta cales eran as propostas cidadás prioritarias para se converteren nos compromisos do IV Plan.
- Coas conclusións dos talleres deliberativos, a Dirección Xeral de Gobernanza Pública redactou o *Borrador de IV Plan* — publicado no Portal da Transparencia—.
- Tras engadir as achegas ao borrador, convocouse unha nova consulta pública entre setembro e outubro de 2020. O Pleno do Foro aprobou o IV Plan de Gobierno o 29 de outubro de 2020.

DESEÑO DO IV PLAN DE GOBERNO ABERTO

Un proceso de cocreación coa sociedade civil

1. PREPARACIÓN DO PLAN DE TRABALLO

Tras un proceso de debate, a Comisión Sectorial e o Foro de Goberno Aberto aproban:

- **Folla de ruta**
- **Documento marco:**
 - Obxectivos do plan.
 - Criterios de valoración de propostas.




3. PROCESO DE CONSULTA PREVIA

18/03 - 10/04/2019: as **organizacións da sociedade civil e a cidadanía** en xeral fan **propostas** para o plan a través dun formulario do Portal da Transparencia.



5. ELABORACIÓN DO BORRADOR E PERÍODO DE CONSULTA PÚBLICA:

A Dirección Xeral de Gobernanza Pública elabora un borrador e publicao no Portal da Transparencia para que as **organizacións da sociedade civil e a cidadanía** fagan **observacións** (28/09 – 16/10/2020). Despois, elabórase o borrador definitivo.



2. PUBLICACIÓN E CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN

Publicase a información sobre o proceso de deseño do plan e **ánimase a sociedade civil** a participar:

- Web: transparencia.gob.es
- Twitter: @transparencia_e / @060gobes
- Presencial: reunións do Foro.



4. ANÁLISE DAS PROPOSTAS CIDADÁS E TALLERES DE COCREACIÓN

As AA. PP. analizan as propostas baseándose no documento marco e realízanse **talleres de cocreación** xunto con representantes da sociedade civil (xuño/setembro de 2020).



6. ACORDO DO FORO DE GOBERNO ABERTO

O borrador sométese a debate e acordo final do **Foro de Goberno Aberto**:

- 28/10/2020: reunión da Comisión Permanente.
- 29/10/2020: reunión do Pleno.

4.3. Características do IV Plan

O IV Plan de Goberno Aberto incorpora estas novidades e melloras respecto dos anteriores:

- É un plan para **catro anos (2020-2024)**, en vez de dous. Esta maior duración permite asumir compromisos máis ambiciosos e asegura que haberá resultados con maior impacto social.
- É un **plan nacional**, xa que é a primeira vez que todas as administracións españolas quixeron participar, e reflicte o firme compromiso das administracións públicas polas políticas de apertura, transparencia, participación e integridade, para servir a cidadanía con máis eficacia. Así, España converteuse nun referente para outros Estados fortemente descentralizados ou de estrutura federal.
- É un plan **máis ambicioso**, cun claro impacto transformador, e inclúe 10 compromisos e 113 iniciativas para transformar a xestión pública e fortalecer o exercicio dos dereitos democráticos.

- **É un plan de todas as persoas e para todas as persoas.** O IV Plan é o resultado das demandas da cidadanía e mais da colaboración das administracións públicas coa sociedade civil a través do Foro de Goberno Aberto.

4.4. Contido do IV Plan: compromisos e iniciativas

O IV Plan de Goberno Aberto de España 2020-2024 artículase en cinco eixes:

1. Transparencia e rendición de contas
2. Participación
3. Integridade
4. Sensibilización e formación
5. Iniciativas autonómicas e locais (FEMP)

Incluíronse 53 iniciativas das comunidades autónomas, das cidades autónomas (Ceuta e Melilla) e da Federación Española de Municipios e Provincias.

O plan recolle 10 compromisos e 113 iniciativas.

1. TRANSPARENCIA E RENDICIÓN	
1	REFORMA DO MARCO REGULADOR
2	PLAN DE MELLORA E REFORZO DA TRANSPARENCIA E RENDICIÓN DE CONTAS
2. PARTICIPACIÓN	
3	PLAN DE MELLORA DA PARTICIPACIÓN
4	PEGADA NORMATIVA
3. INTEGRIDADE	
5	SISTEMAS PREVENTIVOS DE INTEGRIDADE PÚBLICA
6	PROTECCIÓN DE DENUNCIANTES
4. SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN	
7	EDUCACIÓN E FORMACIÓN EN GOBERNO ABERTO
8	COMUNICACIÓN SOBRE GOBERNO ABERTO
9	OBSERVATORIO SOBRE GOBERNO ABERTO
5. COMPROMISOS NOS ÁMBITOS AUTONÓMICO E LOCAL	
10	INICIATIVA DE GOBERNO DAS COMUNIDADES E CIDADES AUTÓNOMAS E DA FEMP

1.1.1. Eixe 1. Iniciativas para afondar na transparencia e na rendición de contas

> **Compromiso 1.** *A reforma do marco regulador da transparencia.* Este compromiso inclúe tres iniciativas:

- A aprobación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- A ratificación por parte de España do Convenio sobre acceso a documentos públicos do Consello de Europa.
- A reforma da Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno para adaptala ao contexto nacional e internacional.

Con estas iniciativas, as administracións públicas serán máis transparentes e as persoas poderán acceder á información pública de forma máis doada.

> **Compromiso 2.** *Plan de mellora e reforzo da transparencia e da rendición de contas.* As iniciativas que permitirán dar cumprimento a este compromiso son:

- A posta en marcha dun sistema de avaliación e acreditación da transparencia das entidades públicas e privadas suxeitas á Lei de transparencia. É un proxecto do Consello de Transparencia e Bo Goberno e dos Comisionados da Transparencia das comunidades autónomas.



- A mellora do Portal da Transparencia para ampliar a información dispoñible e a rendición de contas sobre o cumprimento dos plans públicos.
- O impulso da apertura de datos e da información pública mediante a transposición da Directiva europea 2019/1024, relativa aos datos abertos e á reutilización da información do sector público.
- Finalmente, neste compromiso tamén se inclúen **boas prácticas en ámbitos sectoriais** para que as persoas teñan máis información sobre os contratos públicos, as subvencións, os orzamentos e as súas prioridades ou a xestión das entidades locais. Tamén se facilitará o acceso aos datos do Rexistro Mercantil.

COMPROMISOS DE TRANSPARENCIA E RENDIÇÃO DE CONTAS

IV Plan de Gobierno Aberto de España 2020-2024

Reforma do marco regulador	Plan de mellora e reforzo da transparencia e da rendición de contas
<div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <div style="text-align: center;">  <p>Reforma da Lei de transparencia</p> </div> <div style="text-align: center;">  <p>Ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre acceso aos documentos</p> </div> </div> <div style="display: flex; justify-content: space-around; margin-top: 10px;"> <div style="text-align: center;">  <p>Aprobación do regulamento da Lei de transparencia</p> </div> <div style="text-align: center;">  <p>Ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre acceso aos documentos</p> </div> </div>	<div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <div style="text-align: center;">  <p>Mellora do Portal da Transparencia</p> </div> <div style="text-align: center;">  <p>Boas prácticas: - Ámbito económico-orzamentario - Rexistro Mercantil - Selección e formación de persoal funcionario</p> </div> </div> <div style="display: flex; justify-content: space-around; margin-top: 10px;"> <div style="text-align: center;">  <p>Sistema de acreditación da transparencia</p> </div> <div style="text-align: center;">  <p>Datos abertos e reutilización da información</p> </div> <div style="text-align: center;">  </div> </div>



1.1.2. Eixe 2. Iniciativas para promover a participación cidadá

> **Compromiso 3.** *Plan de mellora da participación.* O IV Plan inclúe cinco iniciativas para impulsar, fortalecer e mellorar a participación de todas as persoas nos asuntos públicos:

- Crear unha plataforma de participación no web do Portal da Transparencia para facer consultas á cidadanía.
- Mellorar o funcionamento do Foro de Goberno Aberto.
- Avaliar e mellorar a participación cidadá en plans e programas públicos, en órganos consultivos e por medios electrónicos e redes sociais.

- Poñer en marcha laboratorios de innovación para a participación cidadá incorporando a opinión e o coñecemento da cidadanía na xestión dos asuntos públicos.
- Xerar unha cultura favorable á participación entre as empregadas e os empregados públicos a través de accións formativas.

> **Compromiso 4.** *Pegada normativa.*

- Este sistema permitirá que calquera persoa poida coñecer o proceso de elaboración das normas dende o inicio ata a súa aprobación: a documentación, os trámites, as versións, os cambios e a aprobación. Preténdese incentivar a participación cidadá no proceso de elaboración das normas.

COMPROMISOS DE PARTICIPACIÓN

IV Plan de Goberno Aberto de España 2020-2024

Plan de mellora da participación



Plataforma da participación
no Portal da Transparencia



Avaliación e mellora da participación:
- Plans e programas
- Medios electrónicos e RR.SS.
- Órganos colexiados



Melloras no Foro de Goberno Aberto



Laboratorios de innovación



Sensibilización e formación

Pegada informativa



Rastreo do proceso de elaboración de normas e da participación

1.1.3. Eixe 3. Iniciativas para asegurar a integridade pública

- > **Compromiso 5. Sistemas preventivos de integridade pública.**
 - **Diagnóstico e mellora dos sistemas de prevención.** En primeiro lugar, vanse avaliar os sistemas de prevención que xa existen na Administración para melloralos e reforzalos mediante: mapas de riscos, códigos de conduta, enquisas, sistemas de calidade e mellora da formación.
 - **Regulación dun rexistro obrigatorio** de grupos de interese. Esta iniciativa suporá un incremento da transparencia, xa que a cidadanía poderá coñecer ata que punto interveñen os grupos de interese na toma de decisións públicas. Estes grupos contarán cun código de conduta dos seus representantes para previr posibles conflitos de interese.
 - Modificación da **Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.** Esta iniciativa establecerá un novo sistema de prevención de conflitos de interese máis completo e acorde coa Administración actual no ámbito do emprego público.



- **Reforzo da integridade en ámbitos específicos: intelixencia artificial.** Esta iniciativa quere fortalecer os valores éticos e os mecanismos para afianzar a integridade das institucións públicas e reforzar a confianza da cidadanía no uso dos datos e da intelixencia artificial.
- > **Compromiso 6. A protección de denunciantes.**
 - A iniciativa consiste en aprobar un novo marco xurídico que garanta a protección das persoas que faciliten información sobre infraccións no seo dunha organización, xa sexa pública ou privada. Para isto, trasporase á lexislación española a Directiva europea 2019/1937 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da UE.

COMPROMISOS DE INTEGRIDADE

IV Plan de Gobierno Aberto de España 2020-2024

Sistemas preventivos de integridade pública			Protección de denunciantes
 Diagnóstico e mellora dos sistemas de integridade pública	Regulación dun rexistro de grupos de interese obrigatorio 	 Modificación da lei de incompatibilidades do persoal empregado público	Integridade na intelixencia artificial Regulación para protexer as persoas denunciantes de corrupción ou de fraude: - Canales protexidas - Prohibición de represalias



1.1.4. Eixe 4. Iniciativas de sensibilización e formación

- > **Compromiso 7. Formación e educación en goberno aberto.**
 - **Educación para a cidadanía e para persoas expertas.** O Centro de Estudos Políticos e Constitucionais impartirá formación gratuíta en liña para a cidadanía e para expertos sobre goberno aberto.
 - **Formación e acreditación de competencias da muller rural, redución da fenda dixital.** Co obxectivo de mellorar, reforzar

e consolidar as competencias profesionais dixitais da muller no mundo rural.

- **Elaboración dunha guía sobre goberno aberto.** Difundirá os seus principios básicos entre a cidadanía, pero tamén entre sectores profesionais relacionados co goberno aberto e cos seus principios.
- **Formación en goberno aberto para as empregadas e os empregados públicos.** O obxectivo fundamental é reforzar as súas actitudes sobre transparencia, rendición de contas, participación e colaboración.

COMPROMISOS DE SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN EN GOBERNO ABERTO

IV Plan de Goberno Aberto de España 2020-2024

Educación e formación		Comunicación inclusiva		Observatorio de Goberno Aberto
 Educación á cidadanía e a persoas expertas	 Redución da fenda dixital na muller rural	 Plan de comunicación	 Investigación e debate	 Creación do observatorio e seguimento de boas prácticas
 Guía de Goberno Aberto	 Formación do persoal empregado público	 Promoción internacional	 Difusión de produción científica	

> **Compromiso 8.** *Comunicación inclusiva sobre goberno aberto.* Para que os valores do goberno aberto sexan coñecidos por todas as persoas e estas poidan exercer os seus dereitos á información pública e á participación en condicións de igualdade e sen deixar a ninguén atrás, este compromiso concrétese no desenvolvemento das seguintes iniciativas:

- **Plan de comunicación inclusiva sobre goberno aberto** para sensibilizar a sociedade sobre os valores e avances do goberno aberto e para que coñeza e empregue o Portal da Transparencia.
- **Promoción do goberno aberto no ámbito internacional.** Prevíronse unha serie de accións de participación e de colaboración con organizacións internacionais para a promoción e a difusión do goberno aberto.
- **Investigación de vangarda e debate avanzado** sobre goberno aberto. Preténdese fomentar a investigación e a innovación nesta área na comunidade académica e científica.
- **Difusión da produción científica.** Preténdese propiciar o debate entre expertos e a difusión da produción científica sobre temas que van dende a análise e o desenvolvemento de novas políticas ata os retos da transparencia e do uso de algoritmos por

parte dos poderes públicos, entre outras áreas de interese.

> **Compromiso 9.** *Observatorio de Goberno Aberto.*

Este observatorio ten como obxectivo difundir e recoñecer tanto as iniciativas sobre transparencia, integridade e participación como as boas prácticas que xa están levando a cabo os ministerios e outras organizacións públicas ou sociais.

O observatorio inclúe 26 boas prácticas que desenvolverán nove departamentos ministeriais:

1. Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática
2. Sanidade
3. Industria, Comercio e Turismo
4. Asuntos Económicos e Transformación Dixital
5. Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
6. Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
7. Ciencia e Innovación
8. Universidades
9. Dereitos Sociais e Axenda 2030

Ademais, recóllense outras dúas boas prácticas das organizacións sociais.





1.1.5. Compromisos das comunidades e cidades autónomas e da FEMP

- > **Compromiso 10.** *Compromisos de ámbito autonómico e local.* O IV Plan inclúe neste décimo compromiso 53 iniciativas que son responsabilidade de todas as comunidades autónomas, das cidades autónomas de Ceuta e Melilla e mais da FEMP.

Estas iniciativas seguen os mesmos obxectivos xerais do IV Plan: promover a transparencia e a rendición de contas, a participación cidadá, a integridade pública e mais a formación e a sensibilización da sociedade e do persoal empregado público.

COMPROMISOS DOS ÁMBITOS AUTONÓMICO E LOCAL

IV Plan de Gobierno Aberto de España 2020-2024

Comunidades e cidades autónomas

Municipios e provincias

COMPROMISOS NOS ÁMBITOS AUTONÓMICO E LOCAL		
INICIATIVAS DE GOBERNO ABERTO DAS COMUNIDADES E CIDADES AUTÓNOMAS E DA FEMP		
<p>GOBERNO VASCO</p> <ul style="list-style-type: none"> > Rendición de contas a través de plans de mandato 	<p>GENERALITAT DE CATALUÑA</p> <ul style="list-style-type: none"> > ParticipaCatunya.cat > Espazo de participación para a estratexia de loita contra a corrupción e fortalecemento da integridade pública > Estratexia de datos abertos para as políticas de igualdade de xénero 	<p>XUNTA DE GALICIA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Instrumentos para a xestión e a avaliación de políticas e de servizos públicos > Marco de integridade institucional > Sistema integrado de atención á cidadanía e de goberno aberto > Administración dixital e participación > Transparencia, rendición de contas e accesibilidade
<p>JUNTA DE ANDALUCÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Plan de capacitación en goberno aberto e apertura de datos para o persoal empregado público > Plan de apertura de datos e impulso de tecnoloxía <i>big data</i> 	<p>GOBERNO DO PRINCIPADO DE ASTURIAS</p> <ul style="list-style-type: none"> > Plan estratéxico de transparencia do Principado de Asturias 	<p>GOBERNO DE CANTABRIA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Lei de participación cidadá
<p>GOBERNO DA RIOXA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Código ético > Mellora do acceso ao Portal de Transparencia e ao Portal de open data > Catálogo de información pública e datos reutilizables 	<p>REXIÓN DE MURCIA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Sistema de integridade institucional > Fomento da participación infantil e xuvenil no deseño de políticas públicas 	<p>GENERALITAT VALENCIANA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Estratexia valenciana de apertura e reutilización de datos > Orzamentos participativos > Construción dun sistema valenciano de integridade institucional
<p>GOBERNO DE ARAGÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> > Programa de deseño colaborativo de servizos > Goberno fácil > Openkids - Programa de participación infantil > Espazo Laab para a innovación democrática > Procesos de cocreación de políticas públicas 	<p>JUNTA DE COMUNIDADES DE CASTELA-A MANCHA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Programa de formación en transparencia e acceso á información 	<p>GOBERNO DE CANARIAS</p> <ul style="list-style-type: none"> > Centralización dos datos abertos das distintas administracións públicas de Canarias > Rede Canaria de Goberno Aberto

COMPROMISOS NOS ÁMBITOS AUTONÓMICO E LOCAL		
INICIATIVAS DE GOBERNO ABERTO DAS COMUNIDADES E CIDADES AUTÓNOMAS E DA FEMP		
<p>GOBERNO DE NAVARRA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Open Data Navarra > Participación de nenas, nenos e adolescentes 	<p>JUNTA DE ESTREMADURA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Simplificación do dereito de acceso e redución de prazos de resposta. > Laboratorios cidadáns para a mellora da experiencia no acceso a servizos públicos > Implantación da tramitación electrónica para o cumprimento de obrigas en materia de conflitos de intereses > Avaliación e mellora continua dos servizos públicos > Simplificación do marco regulador do goberno aberto 	<p>GOVERN DAS ILLAS BALEARES</p> <ul style="list-style-type: none"> > Difusión e formación en materia de goberno aberto > Aprobación da Lei autonómica de transparencia > Aprobación do Decreto sobre organización en materia de transparencia e dereito de acceso á información pública > Plataforma tecnolóxica de participación cidadá > Audiencia pública cidadá > Avaliación de políticas do Goberno a través de indicadores > Melloras no Portal de Transparencia e no Portal de Goberno Aberto
<p>COMUNIDADE DE MADRID</p> <ul style="list-style-type: none"> > Comunicación clara e transparencia 	<p>JUNTA DE CASTELA E LEÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> > Catálogo de información pública > Aprobación da Lei de transparencia, acceso á información e a súa reutilización > Pegada normativa 	<p>CIDADE AUTÓNOMA DE CEUTA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Deseño integral do Portal de Transparencia > Desenvolvemento de normativa de transparencia e goberno aberto > Formación específica de empregadas e empregados públicos > Xornada de sensibilización da sociedade civil
<p>CIDADE AUTÓNOMA DE MELILLA</p> <ul style="list-style-type: none"> > Formación e información sobre a participación da mocidade na xestión pública 	<p>FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS</p> <ul style="list-style-type: none"> > Plan de consolidación e impulso da Rede de entidades locais pola transparencia e a participación cidadá 	

